

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO PILOTO SOBRE A INFLUENCIA DO SUBSTRATO EN BANCOS INTERMAREAIS E A PROPOSTA DE ACCIÓNS PARA A XESTIÓN EFICIENTE DO SERVIZO ECOSISTÉMICO.

En Santiago de Compostela, a 22 de maio de 2023

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona Susana Rodríguez Carballo, en nome e representación da Consellería do Mar, actuando en exercicio da competencia que ten delegada en virtude do disposto na Orde do 21 de febreiro de 2022 sobre delegación de competencias en diversos órganos de dirección da Consellería do Mar e na Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia (DOG núm. 41 do 1 de marzo de 2022).

E doutra, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que o Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), establece no seu artigo 6 as prioridades da Unión Europea para contribuír á estratexia Europa 2020 e a aplicación da política pesqueira común, en relación cos obxectivos temáticos enumerados no artigo 9 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns para

os fondos. Neste sentido, o obxectivo temático 6 consiste en "conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos". Doutra banda, a prioridade 1 do artigo 6 do citado Regulamento (UE) n.º 508/2014 menciona "fomentar a pesca sustentable desde un punto de vista ambiental, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento."

O artigo 28 do citado Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ás asociacións entre o sector da investigación e o sector pesqueiro, establece que, co fin de promover a transferencia de coñecemento entre o sector da investigación e o sector pesqueiro, o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) poderá conceder axudas, tanto á creación de redes ou asociacións, como ás actividades que se desenvolvan no seu marco, que poderán incluír a recollida de datos e actividades de xestión, estudos, proxectos piloto, difusión de coñecementos e resultados de investigacións, seminarios e boas prácticas, así como accións encamiñadas á creación de redes, acordos de asociación ou asociacións entre un ou varios organismos científicos independentes e o sector pesqueiro, nos que poderán participar os organismos técnicos.

Por Orde do 27 de xuño de 2022 da Consellería do Mar, créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia ("a Rede"), co obxectivo de promover o intercambio e a transferencia de coñecemento entre os organismos científicos, o sector e a administración pesqueira de Galicia. A mencionada Rede dispón dunha dotación orzamentaria de 2.500.000 M € para a execución das citadas actuacións. O dito importe está cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Os obxectivos e tarefas do presente convenio foron propostos e aceptados na reunión ordinaria da Rede celebrada o día 28 de novembro de 2022, considerando a realización do proxecto piloto presentado, aliñado coa finalidade da Rede, de interese para os seus participantes e para o sector pesqueiro en particular, así coma para o ben común e interese xeral.

SEGUNDO

Que a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación ("Lei da Ciencia"), no seu artigo 34.1, establece que os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídos as Universidades públicas, os Organismos Públicos de Investigación da Administración Xeral do Estado, os organismos de investigación doutras Administracións Públicas, e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo.

Así mesmo, o devandito artigo 34.1 prevé que poderán celebrar estes convenios os propios axentes públicos entre si, ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta das seguintes actividades: proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; creación ou financiamento de centros, institutos e unidades de investigación; financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica e uso compartido de inmoables, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación. Particularmente, as letras a) e d) do artigo citado son aplicables ao presente convenio debido a que o obxecto do mesmo refírese a un proxecto de investigación científica, desenvolvemento e innovación, así como á formación de persoal científico-técnico.

TERCEIRO

Que a UVIGO é unha entidade de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios, para a consecución dos seus fins e o desenvolvemento das súas funcións, que goza de autonomía de acordo co artigo 27.1 da Constitución e a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e que teñen como fins prioritarios o fomento da investigación e a innovación, así como a transferencia á sociedade. Para o cumprimento destes fins, esta Universidade mantén relacións con centros de investigación e con institucións culturais e sociais e promove a celebración de convenios de investigación e transferencia tecnolóxica e de coñecemento con entidades e organismos públicos e privados, así como traballos de carácter científico, técnico, artístico ou docente.

Que o Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (CIM), dependente organicamente da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo, é un dos oito Centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, con acreditación outorgada o 13 de decembro de 2019 pola Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

CUARTO

Que a Consellería do Mar é o órgano da Administración galega ao que lle corresponden as competencias en materia de ordenación e fomento do sector pesqueiro, marisqueiro, acuícola e de transformación de produtos do mar no ámbito de Galicia, de conformidade co establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución Española,

sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros organismos da nosa Comunidade Autónoma.

Que de acordo ao establecido no Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 58, do 26 de marzo), corresponde a esta Consellería a investigación mariña e a coordinación, programación e execución de actividades de divulgación e transferencia tecnolóxica nas comunidades pesqueiras e litorais, así como a programación, supervisión, realización e difusión de publicacións e outro material científico e didáctico.

Que o “Servizo de Planificación”, como órgano de apoio da “Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico” da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten atribuídas as competencias específicas indicadas no artigo 12.2.4.2 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, entre as que se atopa a xestión de actuacións en materia de estudo, avaliación ou seguimento dos recursos mariños naturais e da actividade pesqueira, marisqueira e da acuicultura.

QUINTO

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade de Vigo, a través do Centro de Investigación Mariña, desexan establecer unha colaboración para a execución dun estudo piloto nun banco intermareal da ría de Arousa coa finalidade de comprender os efectos a medio e longo prazo da dispoñibilidade de sedimentos, o aumento do nivel do mar e o desenvolvemento humano, prever as futuras modificacións e implementar estratexias adecuadas na rexión costeira para frear a crecente perda destes hábitats, coa finalidade de garantir a sostibilidade e a capacidade dos bancos intermareais para proporcionar beneficios no futuro.

Os obxectivos e tarefas do presente convenio atópanse aliñadas coa Prioridade 1, do Reto 1 da RIS3 21 – 27, en concreto co ámbito de intervención: “Mellora, preservación, xestión sustentable, e posta en valor da biodiversidade”. Ademais, ambas as partes entenden que a súa colaboración promove, dentro do ámbito da actividade pesqueira, un triplo obxectivo de sostibilidade: ambiental, social e económico, en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (concretamente, o Obxectivo 14), no marco da Axenda 2030 e do Pacto Verde Europeo.

SEXTO

Que para o desenvolvemento das funcións asumidas por cada unha das entidades participantes e xestionar da forma máis eficiente os fondos FEMP asignados ás mesmas, así como regular as condi-

cións e compromisos que correspondan a cada unha das partes, as persoas intervenientes conveñen en formalizar a tales efectos o presente convenio que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade de Vigo, a través do Centro de Investigación Mariña, para a execución dun estudo piloto nun banco da ría de Arousa coa finalidade de comprender os efectos a medio e longo prazo da dispoñibilidade de sedimentos, o aumento do nivel do mar e o desenvolvemento humano, así como a implementación de estratexias adecuadas na rexión costeira para frear a crecente perda destes hábitats, para garantir a sostibilidade e a capacidade dos bancos intermareais para proporcionar beneficios no futuro.

En particular, este convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

SEGUNDA.- TAREFAS A REALIZAR

No marco da colaboración das partes no presente convenio desenvolveranse as seguintes actividades:

Actividade 1 : Recompilación bibliográfica e organización da base documental.

Actualización da información sobre a área de estudo, selección do banco a estudar e deseño da mostraxe xeolóxica e xeofísica coa localización dos fondeos.

Actividade 2: Deseño e execución da investigación participativa.

Planificación e realización das actividades participativas que incluírán persoal técnico da Consellería do Mar e das Confrarías de Pescadores na zona estudada.

Actividade 3: Deseño e elaboración do plan de xestión de datos.

Definición dos datos recollidos e utilizados no marco do proxecto, dos formatos para utilizar, así coma descrición dos metadatos.

Identificación do investigador responsable da xestión e almacenamento dos datos e selección do repositorio para almacenar os datos derivados do proxecto.

Actividade 4: Preparación e execución das campañas de campo (mostraxe xeofísico, xeolóxico e oceanográfico).

Nesta actividade recompílanse os datos para elaborar as batimetrías e obter mostras superficiais de sedimentos e probas sedimentarias. Obteranse series temporais de temperatura, salinidade, velocidade e dirección de corrente e turbidez.

Actividade 5: Análise de mostras.

Analízanse as mostras coa finalidade de:

- Caracterizar a textura e composición das mostras de sedimentos.
- Determinar a velocidade e tensión limiar de inicio do movemento.

Actividade 6: Procesado de series temporais.

Esta actividade ten a finalidade de:

- Determinar os principais forzamentos rexistrados, a súa variación temporal e a importancia relativa de cada forzamento na dinámica dos bancos.
- Caracterización do sinal de turbidez e dos principais acontecementos. Medición da correlación forzamento-turbidez

Actividade 7: Modelización.

Desenvolvemento dun modelo hidrodinámico-sedimentario integrado da área estudada que proporcione a información necesaria sobre o estado actual e as tendencias evolutivas da zona.

Realízanse as seguintes modelizacións:

- De forzamentos dinámicos (variación do nivel do mar, ondas e correntes en bancos intermareais).
- Zonas de erosión/acumulación.

Actividade 8: Proposta de accións para a xestión dos bancos intermareais.

Definición de alternativas para a xestión dos bancos marisqueiros, dentro das actividades participativas realizadas na actividade 2.

Actividade 9: Difusión dos resultados do proxecto piloto

Realízanse as seguintes actividades de difusión:

- Presentación por parte dos investigadores do proxecto dos principais resultados nos foros científicos adecuados, a nivel nacional e internacional. Os resultados científicos obtidos serán a base de publicacións científicas en revistas de alto impacto.
- Difusión dos resultados aos axentes e Administracións Públicas interesadas (Demarcación de Costas, Concellos, Autoridade Portuaria). As confrarías participarán ao longo do proxecto na definición de obxectivos e elaboración de conclusións.
- Incorporación dos coñecementos obtidos na docencia dos membros do grupo de investigación do proxecto, a través do Máster Interuniversitario de Oceanografía (<http://masteroceanography.es>).
- Comunicación dos resultados do proxecto nas diferentes accións de difusión e portas abertas do Centro de Investigacións Mariñas da UVIGO.
- Publicación de noticias polos medios tradicionais.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

As partes comprométense a realizar as seguintes actuacións para o cumprimento do obxecto do convenio:

- Participar nas actividades colaborativas organizadas no marco do convenio.
- Entregarse mutuamente, servíndose se fose preciso do mecanismo de seguimento establecido na cláusula quinta, calquera información que sexa necesaria para o correcto desenvolvemento das diferentes actividades, feito, problema ou atraso que poida afectar adversamente ao desenvolvemento do convenio. Así mesmo, as partes proporcionarán sen demora toda a información que o mecanismo de seguimento requira razoablemente para levar a cabo as súas tarefas.
- Garantir a protección dos resultados da investigación e promover a difusión que, no seu caso, proceda, de acordo co establecido na cláusula sexta.
- Darlle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado onde figurará o emblema da Unión con expresa mención á participación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), nos termos establecidos no artigo 115 e anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e do capítulo II do Regulamento (UE) nº 821/2014, de acordo co indicado no Regulamento de Execución (UE) 763/2014 da Comisión.

O beneficiario debe recoñecer que a operación recibiu o apoio dos fondos, adoptando en todas as seguintes medidas de información e comunicación:

- a) O emblema da Unión, de conformidade coas características técnicas establecidas no Regulamento de Execución (UE) n.º 821/2014.
- b) Unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que apoia a operación.
- c) O logotipo da Consellería do Mar.

- Someterse ás actuacións de verificación, así coma ás actuacións de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación cos fondos aplicados, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión e, de ser o caso, dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e facilitar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas ou calquera outra instancia autonómica, estatal ou comunitaria de control, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control do destino dos fondos aplicados e facilitar a inspección e control dos órganos da Consellería do Mar e Universidade de Vigo co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código de contabilidade apropiado que proporcione un rexistro de auditoría adecuado en relación con todos os gastos correspondentes aos investimentos realizados en virtude deste convenio, e conservar a documentación xustificativa relativa a súa financiación.

- Custodiar e conservar a documentación da actividade financiada polo FEMP de conformidade co artigo 140 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, do 17 de decembro, o artigo 82 do Regulamento (UE) 2021/1060, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns, e o artigo 132 do Regulamento (UE, EURATOM) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. Neste sentido, deberánse conservar os documentos xustificativos e demais documentación relativa a o financiamento durante un período de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se realizou o último pago.

- De acordo co Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, todas as entidades deberán aplicar e esixir medidas antifraude, así como cubrir as oportunas declaracións de ausencia de conflito de interese. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan constituír fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos da Unión Europea, como é o caso de este convenio, poderán poñelos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral de a Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado

servizo, a través da ligazón habilitada na páxina web: <https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

Sen prexuízo disto, tamén poderá utilizar a ligazón de denuncias sobre irregularidades ou condutas fraudulentas que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención ao Cidadán (SIACI):

<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

CUARTA.- RÉXIME ECONÓMICO.

A Consellería do Mar achegará á finalidade deste convenio a cantidade de 46.200 €, que se financiará con cargo á partida orzamentaria 15.03.723A.6401 (C.P. 2016 00276) dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

A Universidade de Vigo, con cargo ao citado financiamento, realizará os gastos necesarios para o cumprimento das actuacións previstas neste convenio. A aplicación dos fondos realizarase integramente no ano 2023.

O importe a abonar pola Consellería do Mar a Universidade de Vigo non incluírá IVE, pois a cantidade non é en concepto de contraprestación directa e equivalente ás actividades que se realizarán, senón que estas carecen de onerosidade ao ter como finalidade coadxuvar á consecución do obxecto común e aos fins do presente convenio establecidos na cláusula primeira. Neste sentido, a ausencia de onerosidade do obxecto, fins e actuacións é clara e patente á luz dos preceptos contidos no artigo 4.1 (suxeición das entregas de bens e prestacións ao imposto) da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

As cantidades indicadas faranse efectivas mediante transferencia bancaria na conta aberta a nome da Universidade de Vigo que esta indique e certifique (indicando no concepto da transferencia o acrónimo ou código identificativo que acorden), e previa conformidade do ordenante do pago co cumprimento das actividades recollidas na cláusula segunda.

A dita conformidade realizarase unha vez completadas as actividades obxecto deste convenio e previa presentación á Consellería do Mar da seguinte documentación xustificativa antes da finalización do mes de novembro de 2023:

1. Memoria de execución das actividades deste convenio, con indicación detallada das actuacións realizadas e dos resultados obtidos, na que deberá incluír unha relación das persoas/entidades que participaron nas mesmas e unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas. A memoria incluírá a acreditación da publicidade realizada.

2. Memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos. A memoria incluirá:

- Unha relación detallada de gastos e pagos realizados.
- Documentación acreditativa dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato pdf dos documentos orixinais.
- Documentación xustificativa do pago: copia de transferencias bancarias, certificados bancarios ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través de banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pago; o número e o monto total da factura pagada.
- En dita xustificación permitirase un transvase de fondos entre conceptos de ata un 20%.

3. Relación detallada doutros ingresos ou axudas que financiasen a actividade obxecto da transferencia, con indicación da súa contía e procedencia (declaración de axudas solicitadas ou outorgadas para o mesmo proxecto ou para as mesmas partidas de gastos, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional).

4. Indicación do lugar e do órgano de custodia da documentación acreditativa orixinal.

Sen prexuízo da documentación sinalada nos puntos anteriores, poderá ser requirida a aportación dos datos, documentos complementarios e aclaracións sexan necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

En todo caso, a xustificación axustarase ás esixencias da normativa da Unión Europea e nacional relativa ao FEMP.

Procederase ao reintegro, total ou parcial, dos fondos recibidos e os intereses de demora devengados dende o momento do pago ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa obtención neste convenio.

QUINTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión mixta para o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio, que asegure o bo fin e cumprimento do mesmo.

Por parte da Consellería do Mar, serán membros: a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e a persoa titular da xefatura do Servizo de Planificación.

Por parte da Universidade de Vigo, serán membros: a persoa titular da Dirección do Centro de Investigación Mariña e a persoa responsable do proxecto piloto Ana M. Bernabeu Tello.

A asistencia ás reunións que celebre a comisión terá carácter delegable en persoas pertencentes á mesma entidade da que delegue. Así mesmo, poderán asistir ás mesmas, con voz e sen voto, aquelas persoas que sexan requiridas en función da súa experiencia ou profesionalidade e por razón da materia concreta da que se vaia a tratar.

A comisión mixta de seguimento rexerase polo establecido para os órganos colexiados na Sección III, Capítulo I do Título Primeiro da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA).

SEXTA.- PROPIEDAD DOS DATOS E DIFUSIÓN DOS RESULTADOS. USO DE SIGNOS DISTINTIVOS.

A Consellería do Mar e Universidade de Vigo manterán confidencialidade sobre calquera información relativa aos resultados das actuacións realizadas ao amparo deste convenio, sempre que non sexan de dominio público, non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente convenio.

A propiedade e utilización científica dos datos obtidos a partir das experiencias desenvoltas no proxecto e os resultados finais da investigación serán exercidas conxuntamente pola Consellería do Mar e a Universidade de Vigo. Unha vez executadas as investigacións descritas no convenio, comprométense a intercambiar o material científico e os coñecementos obtidos, así como a publicar conxuntamente os resultados da investigación obxecto do convenio.

Neste sentido, cando se realice calquera tipo de comunicación ou divulgación dos resultados, xa sexa parcial ou total, farase mención explícita ao feito de que os datos obtidos a partir das experiencias desenvoltas e os resultados das análises son froito do presente convenio. Ademais, deberán aparecer os signos distintivos das partes nos soportes utilizados para a divulgación dos resultados, tendo en conta que a denominación legal e social das partes, as súas marcas rexistradas, logotipos e calquera signo distintivo son propiedade exclusiva de cada unha delas.

Por iso, a Universidade de Vigo autoriza á Consellería do Mar para que use o seu nome e/ou logotipo conforme á normativa de imaxe institucional aplicable, sempre que o uso que vaian realizar do mesmo se límite exclusivamente a indicar a relación establecida entre as institucións no presente

convenio, polo tempo que esta dure, e non induza a confusión organizativa, comercial ou de aval científico entre aquela parte e a Universidade de Vigo nin o asocie a obxectivos ou actividades incompatibles cos principios e obxectivos da Administración, e sen que en ningún caso se lles confira dereito algún de exclusividade, nin permita a súa apropiación, mediante rexistro ou calquera outro procedemento. Calquera outro tipo de uso ou ante a dúbida razoable sobre a adecuación de uso ao expresado anteriormente, requirirá a autorización previa e expresa por escrito da Universidade de Vigo.

Igualmente, a Consellería do Mar autoriza á Universidade de Vigo para o uso do seu nome e/ou logotipo en termos equivalentes aos descritos no parágrafo anterior.

Ademais, as partes comprométense a adoptar as medidas en materia de información indicadas no artigo 119 do Regulamento (EU) nº 508/2014:

En todos os documentos e medidas de información e comunicación recoñecerase o apoio dos fondos FEMP mediante a inclusión do emblema da Unión, unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que financia a actuación incluíndo a porcentaxe (75%) e o logotipo da Xunta de Galicia.

Durante a duración do convenio informarase do apoio dos fondos FEMP mediante unha breve descrición da operación no sitio web e colocando un cartel con información sobre as actuacións realizadas (tamaño mínimo A3).

SÉTIMA - PUBLICACIÓNS

Nas publicacións das actuacións do convenio deberán respectarse os dereitos dos membros do equipo de investigación, en especial o dereito para ser designados como inventores ou autores.

Cando unha das partes desexa utilizar, en parte ou na súa totalidade dita información para a súa publicación como artigo, conferencia ou outro formato, deberá solicitar a conformidade á outra parte por escrito que, á súa vez, deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días. Transcorrido devandito prazo sen obter resposta, considerarase que a parte correspondente autoriza a utilización da devandita información.

As publicacións deberán recoñecer e facer constar a participación de todos os investigadores que interviñeron, así como a súa pertenza ás institucións das cales dependan. En calquera dos casos de difusión, farase sempre especial referencia ao organismo financiador.

No suposto de resultados susceptibles de protección, así como de explotación, as partes, nun prazo máximo de tres (3) meses a partir da súa obtención, comprométense a subscribir un documento no

que se determinará a titularidade dos dereitos de propiedade industrial e as condicións da súa explotación.

En calquera caso, ambas as entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a execución do convenio en actividades propias da súa función investigadora

OITAVA.- MODIFICACIÓN

As partes poderán modificar, por acordo mutuo, os termos do presente convenio, debendo quedar reflectido por escrito a través da subscripción dunha addenda dentro do período de vixencia do mesmo.

NOVENA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO E CONSECUENCIAS EN CASO DE INCUMPRIMENTO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causa de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa distinta das anteriores e prevista nas leis.

En caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a parte afectada convocará á comisión mixta de seguimento establecida na cláusula quinta para os efectos da adopción das medidas necesarias para o seu cumprimento.

Se tras a actuación da comisión mixta de seguimento persistise o incumprimento, a parte afectada poderá entender extinguido o convenio e esixir á incumpridora a indemnización por danos e prexuízos que legalmente lle corresponda.

Cando concorra algunha causa de resolución do convenio, se existen actuacións en curso de execución, poderase acordar, a proposta da comisión de seguimento, a continuación e finalización destas nun prazo improrrogable, transcorrido o cal o convenio deberá liquidarse. O devandito prazo será fixado polas partes cando se resolva o convenio, de conformidade co previsto no artigo 52.3 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

Este convenio ten carácter administrativo e rexerase polas súas propias cláusulas e polo réxime xurídico en materia de convenios previsto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo.

As partes acordan que calquera diverxencia, discrepancia ou controversia que puidesen xurdir relativas á interpretación ou execución do presente convenio, que non poida resolverse pola comisión mixta de seguimento indicada na cláusula quinta, será sometida aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

UNDÉCIMA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

A vixencia do convenio comezará a contarse desde a súa sinatura e finalizará o 30 de novembro de 2023.

Este convenio será obxecto de publicación segundo o establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, da Administración galega.

DÉCIMOSEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS

As partes asinantes comprométense a tratar os datos de carácter persoal a que, no seu caso, teñan acceso ou sexan obxecto de cesión no marco de aplicación do presente convenio, de conformidade co que dispón o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos.

E, en proba de conformidade, as partes subscriben electronicamente o presente convenio, constando como data do mesmo a correspondente á última sinatura realizada.

Pola Consellería do Mar

Pola Universidade de Vigo

Susana Rodríguez Carballo

Joaquín Manuel Reigosa Roger

Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Reitor Magnífico da Universidade de Vigo

Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.Ou. español 2014E514MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e) - medida 1.5.2]. OIG: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

ANEXO I : ORZAMENTO Universidade de Vigo - CLÁUSULA CUARTA: RÉXIME ECONÓMICO

CONCEPTO	ANO 2023	TOTAL
PERSOAL	24.000,00 €	24.000,00 €
CUSTOS INDIRECTOS (15% PERSOAL)	3.600,00 €	3.600,00 €
SERVIZOS EXTERNOS	11.500,00 €	11.500,00 €
INSCRIPCIÓNS EN EVENTOS	3.600,00 €	3.600,00 €
ORGANIZACIÓN DE EVENTOS	2.000,00 €	2.000,00 €
ELABORACION MATERIAL DIVULGACIÓN	1.500,00 €	1.500,00 €
TOTAL	46.200,00 €	46.200,00 €